

HISTORIA DA LINGUA GALEGA (I)

A continuación vas ver unha parte do capítulo do programa da TVG *Historias de Galicia*, nel relátanse acontecementos importantes da historia da nosa lingua, presta atención e responde as preguntas que aparecen a seguir.

LINGUA DE REIS

1. Cal é unha das obras mestras da nosa literatura e quen é o seu autor?
2. En que lingua está escrita a obra anterior e en que século se compuxo?
3. Que territorios conformaban arredor do ano 900 unha unidade ante os árabes que ocupaban a Península?
4. Na sociedade feudal, que usos tiña o galego? E cales o latín?
5. Que falaban os galegos antes do latín?
6. En que século se converte Compostela nun centro relixioso, político e cultural grazas ao Camiño de Santiago? Por que?
7. Cal é a lingua de prestixio no século XII?
8. Que composicións poéticas se escribían neste tempo e nesta lingua imitando o estilo do sur de Francia?
9. Que cancionero recolle máis de 300 composicións de amor en galego-portugués dedicadas ás damas?

10. A pesar da produción da corte de Afonso X en galego-portugués, que outra lingua foi impulsada por el como oficial e se converteu na utilizada en escritos científicos e literarios?

11. En que ano se produciu a escisión entre o territorio galego e o norte de Portugal?

12. Que repercusión tivo o feito anterior para o galego?

13. En que século e que dinastía de reis foi a que levou a cabo un proceso de castelanización ao introducir en Galicia aristocracia e altos cargos da Igrexa de orixe foránea?

14. Como se chama a época en que, a pesar de que o galego é a lingua maioritaria da poboación, son escasísimas as mostras literarias neste idioma?